

A CIDADE

Primeiro fora unha pequena vila de pescadores, de balcóns pintados de azul: con tabernas, rúas estreitas e un pazo. Logo, o despotismo ilustrado tendeu novas e longas rúas paralelas cortadas por outras rúas paralelas, todas da mesma anchura, e numerou os rueiros. Así xurdiu o centro da cidade, como un taboleiro de xadrez, con casas de tres pisos e galerías brancas. Fícaron abranguidas varias aldeas. A cidade estendíase de leste a oeste, á beira do mar. De sur a norte ficaba a costa. A xente paseaba de leste a oeste. Os estaleiros e os arsenais ficaban afastados da vila por un murallón e estorbábanlle á cidade as vistas ao mar. Só por tres puntos o atinxían os que non formaban parte da mariña de guerra ou non traballaban nas construcións navais. Só por tres puntos: tres peiraos.

RICARDO CARVALHO CALERO

1.- Como eran as rúas da cidade?

2.- As rúas da cidade parecían o taboleiro dun xogo. Cal?

3.- Que dúas construcións estorbaban á cidade as vistas ao mar?

4.- Que fora este lugar antes de ser cidade?

5.- Como paseaba a xente?

6.- Como eran as rúas ao primeiro?


7.- Cantos pisos tiñan as casas?

8.- Onde se situaban os estaleiros e os arsenais?

9.- Que ficaba de sur a norte?

10.- De que cor estaban pintados os balcóns?

11.- Sobre este plano indica cara onde ten que ir este rapaz para chegar aos lugares, indicando o seu punto cardinal.



- A oficina de correos está ao _____ do neno.

- O hospital está ao _____ do neno.

- O supermercado está ao _____ do neno.

- A farmacia está ao _____ do neno.

- A comisaría está ao _____ do neno.

- Os bombeiros están ao _____ do neno.
